

PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA O PROCEDEMENTO E OS EFECTOS DO RECOÑECIMENTO COMO INSTITUTO HISTÓRICO DE GALICIA E A XESTIÓN DO PATRIMONIO EDUCATIVO QUE CUSTODIAN

O Decreto 268/2000, do 2 de novembro, creou o Museo Pedagógico de Galicia (Mupega) como un centro específico destinado a recuperar, salvagardar, estudar, mostrar e difundir todas aquelas expresións pedagóxicas e lingüísticas que poñan de manifesto a variedade e riqueza do patrimonio educativo de Galicia, posibilitando, así, a súa catalogación, sistematización e custodia.

En Galicia existe un valioso acervo histórico-patrimonial de carácter educativo que se foi configurando e incrementando no devir das décadas nos centros educativos públicos, onde actualmente permanece depositado e custodiado.

No ano 2002 comezaron as primeiras reunións das persoas representantes dos institutos históricos de Galicia e do equipo do Mupega para iniciar unha colaboración co obxectivo de preservar e poñer en valor o patrimonio que albergan estes centros. Ambas as partes rubricaron nese momento, un protocolo de carácter asociativo que facilita a interconexión e funcionamento coordinado e que se denominou "Rede Mupega".

Así, recolleuse nun documento a filosofía de colaboración e apoio que xa se víña demandando dende hai anos polos institutos históricos de Galicia coa finalidade de garantir a pervivencia e conservación do gran patrimonio que albergan.

Integráronse na denominada "Rede Mupega" inicialmente o IES Salvador de Madariaga da Coruña, o IES Lucus Augusti de Lugo, o IES Otero Pedraio de Ourense, o IES Sánchez Cantón de Pontevedra, e o IES Arcebispo Xelmírez I de Santiago de Compostela. Posteriormente, no ano 2011, incorporouse tamén o IES Eusebio da Guarda da Coruña.

Deste xeito, o Mupega actúa como eixe vertebrador para promover o desenvolvemento dunha normativa autonómica co obxectivo de, non só garantir a conservación e poñer en valor o patrimonio de cada un dos seis institutos históricos da nosa comunidade, senón tamén de facilitar a xestión das coleccións nos propios centros e crear un procedemento para que outros centros, que a día de hoxe non pertencen á denominada "Rede Mupega", poidan ter a consideración e recoñecemento de institutos históricos.

O decreto consta de 26 artigos, estruturados en tres capítulos adicados a disposicións xerais, recoñecemento como instituto histórico e xestión do patrimonio histórico educativo, así como seis disposicións adicionais, unha derogatoria e dúas disposicións finais.

O decreto adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas e no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. No que se refire aos principios de necesidade e eficacia, o presente proxecto trata de dotar de regulamentación normativa tanto o procedemento e os efectos do recoñecemento como instituto histórico de Galicia, como a xestión do patrimonio educativo que custodian. De acordo co principio de proporcionalidade, contén a regulación imprescindible para cumprir co seu obxecto, ao non existir ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos. Conforme ao principio de seguridade xurídica resulta coherente co ordenamento xurídico. Cumpre tamén cos principios de transparencia e accesibilidade, que se garantiron a través da exposición do proxecto no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 41.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Así mesmo respéctanse os principios de eficiencia e simplicidade ao permitir unha xestión máis eficiente dos recursos públicos e non prevendo cargas administrativas para os destinatarios.

No proceso de elaboración este decreto someteuse a informe económico-financeiro da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública, informe de impacto por razón de xénero da Secretaría Xeral de Igualdade e informe de análise do impacto demográfico pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude así como informe da Asesoría Xurídica. Así mesmo, someteuse a ditame do Consello Escolar de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia, logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

O presente decreto ten por obxecto regular o procedemento e as condicións para o recoñecemento como instituto histórico de Galicia, así como as normas relativas á correcta xestión do patrimonio educativo que custodian.

Este procedemento habilitarase na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal> e figurará na guía de procedementos e servizos regulada pola Orde do 12 de xaneiro de 2012 co código ED602C.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. O recoñecemento como instituto histórico poderá outorgarse a aqueles institutos públicos de ensino secundario localizados no ámbito territorial de Galicia que posúan patrimonio histórico educativo.

2. Terán a consideración de patrimonio histórico educativo os bens materiais, documentos gráficos, visuais e sonoros, os fondos bibliográficos e hemerográficos, mobiliario, coleccións de pintura e escultura, material cartográfico, instrumental dos antigos gabinetes científicos, coleccións de historia natural, maquetas, ou calquera outro material didáctico e bens, mobles e inmobles, de titularidade pública, que sexan relevantes para a historia da educación en Galicia.

Artigo 3. *Fins*

O recoñecemento como instituto histórico de Galicia persegue os seguintes fins:

a) Impulsar a recuperación e conservación do patrimonio histórico educativo dos institutos históricos de Galicia.

b) Promover o estudo e investigación da historia educativa do centro, así como os elementos patrimoniais ligados á mesma.

c) Facilitar a utilización deste legado histórico educativo como recurso didáctico.

d) Facer unha posta en valor e difundir o patrimonio histórico educativo que posúen os institutos históricos de Galicia.

e) Fomentar a realización de actividades de carácter científico e educativo, así como a celebración de Xornadas e Encontros dos institutos históricos de Galicia.

f) Compartir recursos e iniciativas a través da denominada "Rede Mupega" como rede que engloba aos ditos institutos e o Mupega como eixe vertebrador.

Artigo 4. *Requisitos*

Os requisitos para que un instituto público de ensino secundario poida ser considerado instituto histórico de Galicia serán os seguintes:

[Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades](#)
[Secretaría Xeral Técnica](#)
[Edificio Administrativo San Caetano, nº 2, baixo](#)
[15781 Santiago de Compostela](#)

- a) Ter no momento da solicitude uso como centro educativo.
- b) Ser un centro público dependente da consellería con competencias en materia de educación.
- c) Ter sido creado con anterioridade ao ano 1950.
- d) Acreditar a posesión de relevante patrimonio histórico educativo, segundo o indicado no artigo 2.2.

Artigo 5. *Compatibilidade*

O recoñecemento como instituto histórico de Galicia será compatible con calquera outro recoñecemento que puidera ser outorgado por outras administracións xa sexan de carácter nacional, provincial ou local, e sen prexuízo da clasificación que lle puidera corresponder segundo a normativa reguladora do patrimonio cultural de Galicia.

CAPÍTULO II

Procedemento de recoñecemento como instituto histórico de Galicia

Artigo 6. *Expediente de recoñecemento*

O recoñecemento da condición de instituto histórico requirirá da tramitación do oportuno expediente administrativo que contará coa seguinte documentación:

- a) Solicitude xustificada do respectivo instituto público de ensino secundario.
- b) Acordo favorable do consello escolar do centro, a proposta do claustro.
- c) Inventario do patrimonio histórico educativo, moble e inmobile.
- d) Compromiso do claustro de dedicar aos labores vinculados aos fins relacionados no artigo 3, entre dúas e tres sesións semanais, que non terán repercusión no cómputo do horario lectivo.

e) Informes dos órganos superiores ou de dirección con competencias en materia de patrimonio cultural e cultura, así como do servizo con competencias en materia de administración do Mupega da consellería con competencias en materia de educación, nos que se acredite o interese do ingreso para o fondo patrimonial común.

A estes efectos, por resolución da consellería ou das consellerías con competencias nas materias de patrimonio cultural, cultura e educación poderá crearse unha comisión formada por un representante de cada un dos órganos establecidos na letra e) para a emisión dun único informe sobre o interese do ingreso para o fondo patrimonial común.

A comisión que, no seu caso, se constitúa terá a condición de órgano colexiado.

Artigo 7. Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. As solicitudes dirixiranse á Secretaría Xeral Técnica da consellería con competencias en materia de educación, órgano competente para a súa resolución, en calquera momento a contar dende a entrada en vigor do presente decreto.

Artigo 7. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento

1. Os institutos públicos de ensino secundario interesados deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Certificado acreditativo do acordo favorable do consello escolar do centro ou acta da reunión do consello escolar na que conste o dito acordo.

b) Inventario do patrimonio histórico educativo, moble e inmobile segundo o modelo que figura no anexo II.

c) Compromiso do claustro de dedicar aos labores vinculados aos fins relacionados no artigo 3, entre dúas e tres sesións semanais, que non terán repercusión no cómputo do horario lectivo.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 9. Instrución do procedemento

O Museo Pedagógico de Galicia será a unidade competente para a instrución do procedemento. Recibida a solicitude e a documentación que debe acompañala, deberá solicitar o informe establecido no artigo 6.e) no que se acredite o interese ou ausencia do mesmo para o fondo patrimonial educativo. O dito informe deberá ser emitido no prazo de tres meses contados dende a data de presentación da solicitude na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 10. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 11. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 12. *Resolución*

1. A resolución do procedemento corresponde á Secretaría Xeral Técnica da consellería competente en materia de educación. Fronte a dita resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo dun mes a contar dende o seguinte a aquel en que se produza a notificación, ante o mesmo órgano que a ditou ou ante a persoa titular da consellería competente en materia de educación, órgano competente para a súa resolución.

2. O prazo de resolución do dito procedemento é de catro meses. Transcorrido o dito prazo sen ser notificada a resolución, entenderase estimada por silencio administrativo.

Artigo 13. *Efectos derivados do recoñecemento*

O recoñecemento como instituto histórico de Galicia comportará:

a) A posibilidade de empregar o recoñecemento cando o instituto o estime oportuno.

- b) A prioridade de acceso aos programas de actividades relacionadas co patrimonio histórico educativo de Galicia propostos pola consellería competente en materia de educación.
- c) O acceso ás medidas de apoio, aprobación e recoñecemento ao profesorado do centro para a realización de proxectos de investigación e innovación educativa e de elaboración de materiais curriculares relacionados co patrimonio histórico educativo de Galicia.
- d) A posibilidade de ser beneficiarios das axudas que poida implementar a Xunta de Galicia para a conservación do dito patrimonio histórico educativo.

Artigo 14. Compromisos derivados do recoñecemento

O recoñecemento como instituto histórico de Galicia, así como a súa continuidade, implica o cumprimento dos compromisos por parte do instituto que se indican a continuación:

- a) Recoller no seu proxecto educativo os criterios pedagóxicos derivados da súa condición de instituto histórico.
- b) Utilizar os distintivos que se establezan pola consellería competente en materia de educación.
- c) Manter e conservar o patrimonio histórico educativo obxecto da declaración.
- d) Propiciar o aproveitamento didáctico do patrimonio custodiado, fomentando os proxectos relacionados coa difusión e o uso do patrimonio histórico educativo no seu proxecto educativo.
- e) Ceder as pezas para as exposicións temporais organizadas ou co-organizadas pola consellería competente en materia de educación, así como depositar os bens no Museo nos supostos nos que este aprecie a falta dunha adecuada conservación do ben.

f) Poñer á disposición do persoal do Mupega durante as súas visitas periódicas de asesoramento e apoio, a documentación e as pezas que integran o patrimonio do instituto.

Artigo 15. *Revogación do recoñecemento*

A declaración de instituto histórico de Galicia poderá ser revogada se desapareceran as circunstancias que motivaron o seu outorgamento, ou por incumprimento dos compromisos derivados do mesmo.

CAPÍTULO III

Xestión do patrimonio histórico educativo custodiado nos institutos históricos de Galicia

Artigo 16. *Titularidade e xestión do patrimonio histórico educativo custodiado nos institutos públicos de Galicia*

1. A titularidade do patrimonio histórico educativo custodiado nos institutos públicos históricos de Galicia corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, estando afecto a un uso educativo e adscrito á consellería competente en materia de educación.

En todo caso, presumirase patrimonio bibliográfico ou documental educativo de titularidade da Xunta de Galicia, todas aquelas obras ou documentos nos que figure o selo do instituto histórico.

2. Sen prexuízo do anterior, a xestión do dito patrimonio corresponderá aos propios institutos ou ao Mupega, como centro específico creado para promover e desenvolver a recuperación, salvagarda, estudo, mostra e difusión do legado pedagóxico da nosa comunidade autónoma.

3. Os documentos de conservación permanente, tanto aqueles anteriores a 1990, con carácter xeral, como aqueles outros que así sexan cualificados nas táboas de avaliación aprobadas, poderán ser transferidos aos respectivos arquivos históricos da provincia de referencia (Arquivo do Reino de Galicia, Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Arquivo Histórico Provincial de Ourense, Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra e Arquivo de Galicia).

Artigo 17. *Patrimonio material educativo*

1. Forman parte do patrimonio material, o mobiliario, o instrumental, o material didáctico ou outros bens que sexan relevantes para a historia da educación en Galicia.

2. Os institutos históricos de Galicia prestarán especial atención para a súa catalogación ás coleccións de ciencias naturais, maquetas, instrumental científico, coleccións de gravados, fotografías e pintura, material arqueolóxico, material cartográfico ou mobiliario singular.

Artigo 18. *Patrimonio bibliográfico educativo*

1. Con carácter xeral, forman parte do patrimonio bibliográfico educativo, segundo a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as obras literarias, históricas, científicas ou artísticas, xa sexan impresas, manuscritas, fotográficas, cinematográficas, fonográficas ou magnéticas, de carácter unitario ou seriado, en calquera tipo de soporte e independentemente da técnica utilizada para a súa creación ou reprodución, que pertencen a algunha destas tipoloxías:

a) Aquelas obras das que conste a inexistencia de, cando menos, tres exemplares idénticos en bibliotecas ou servizos públicos -enténdese que con independencia da súa data de publicación-.

b) Obras anteriores ao ano 1901.

c) Obras que posúan características singulares que lles outorguen un carácter único, coma *ex libris* ou expurgacións.

Inclúense os orixinais fonográficos, gráficos ou cinematográficos, así como os exemplares hemerográficos, independentemente do soporte en que se encontren.

2. Ademais do anterior, engádense as seguintes obras, pola súa relevancia como patrimonio histórico educativo:

a) As obras editadas en galego con anterioridade ao ano 1984, especialmente aquelas relacionadas coa literatura infantil e xuvenil, ou vinculadas ao ámbito educativo. No caso de non poder garantir a súa axeitada conservación, deberán ser transferidas ao Mupega.

b) As obras anteriores ao ano 1950, previa consulta ao Mupega.

c) As bibliotecas de persoas docentes e persoas relevantes no ámbito das artes, das ciencias ou da historia doadas aos institutos históricos de Galicia.

d) Aquelas obras que teñan carácter único por conter anotacións, dedicatorias, ou notas manuscritas de persoas relevantes no ámbito das artes, das ciencias ou da historia.

Artigo 19. *Patrimonio documental educativo*

1. Considéranse patrimonio documental histórico educativo os documentos anteriores ao ano 1965, xerados, conservados ou reunidos polos institutos históricos de Galicia, no exercicio das súas funcións.

2. Terán tamén a consideración de patrimonio documental histórico educativo aqueles documentos que, sen alcanzaren a antigüidade referida no punto anterior, merezan a dita consideración en atención ao seu valor cultural.

3. Os institutos históricos de Galicia prestarán especial atención para a súa catalogación aos expedientes académicos de persoas de especial relevancia para a cultura e a historia de Galicia.

Artigo 20. Responsable da xestión do patrimonio histórico educativo dos institutos históricos de Galicia

1. Os institutos históricos de Galicia poderán designar unha persoa responsable da xestión do patrimonio histórico educativo do centro, preferentemente entre o persoal con destino definitivo nel.
2. Corresponderá á persoa responsable da xestión do patrimonio histórico educativo desempeñar as seguintes funcións:
 - a) Inventariar e actualizar o rexistro relativo ao patrimonio histórico do instituto.
 - b) Promover as actividades que contribúan ao seu coñecemento e difusión.
 - c) Coordinar as actuacións que realice o instituto en relación ao seu patrimonio.
 - d) Velar polo mantemento e conservación das coleccións.

Artigo 21. Xestión documental dos fondos

1. Os institutos históricos de Galicia deberán contar cun rexistro para o tratamento administrativo dos seus fondos, no que se anotarán, por orde cronolóxica, os ingresos e as baixas.

O número co que se practique o rexistro será único e intransferible e acompañará á identificación do ben.

2. O procedemento de asignación de número a cada peza, ou siglado, farase segundo as recomendacións establecidas polo MUPEGA.

3. Unha vez rexistrados, os bens incluíranse nun inventario no que se recollerá a descrición do ben coas súas características físicas e estado de conservación, os datos de procedencia, ademais dos datos que figuren no rexistro e unha imaxe.

Artigo 22. Intervencións nos fondos

1. Os bens custodiados nun instituto histórico deberán estar depositados en condicións ambientais adecuadas e contar con estratexias de conservación preventiva para crear ou manter as condicións idóneas que preserven os seus fondos, sen intervir directamente na súa natureza material.

O Mupega establecerá unhas condicións mínimas de conservación para os distintos fondos.

2. A restauración e calquera outra intervención directa sobre os bens custodiados requirirá a elaboración dun proxecto previo de restauración ou intervención suscrito por persoal competente, e será realizada soamente por persoal que acredite a cualificación técnica axeitada á actuación a desenvolver.

3. A restauración ou calquera outra intervención directa, movemento ou traslado dos bens custodiados, requirirá autorización previa da Secretaría Xeral Técnica da consellería competente en materia de educación, previo informe favorable da dirección do Mupega, sen prexuízo doutras autorizacións que poidan resultar preceptivas ao abeiro da normativa reguladora do patrimonio cultural de Galicia ou calquera outra de aplicación segundo o tipo de bens.

Artigo 23. Baixa de bens materiais dos fondos dos institutos históricos a elección

1. Os bens materiais dos fondos dos institutos históricos poden causar baixa. Calquera incidencia que leve aparellada a baixa dun ben será convenientemente documentada e rexistrada.

2. En calquera caso, a baixa dun ben, requirirá o informe favorable previo da dirección do MUPEGA, sen prexuízo de calquera outro informe que se requira na normativa que resulte de aplicación.

3. Os institutos históricos de Galicia conservarán no seu arquivo toda a documentación relativa ao ben material dos seus fondos que cause baixa.

Artigo 24. Exposición dos fondos dos institutos históricos

1. Os institutos históricos de Galicia poderán organizar o seu patrimonio histórico educativo en coleccións escolares, agrupando os materiais por temas ou da forma que se considere máis apropiada. As ditas coleccións poderán ser expostas con carácter temporal ou permanente.

Para que tales coleccións poidan obter a condición de coleccións museográficas deberán cumprir os requisitos establecidos na normativa vixente en materia de centros museísticos, e seguir o procedemento establecido para a súa creación e cualificación.

2. Os centros contarán co asesoramento do MUPEGA na organización da exposición e conservación das coleccións.

Artigo 25. Doazón e cesión dos bens rexistrados

1. Os bens rexistrados non poderán ser doados, por iniciativa dos institutos históricos de Galicia, a institucións públicas ou privadas, nin a particulares, sen a autorización previa da consellería competente en materia de educación, previo informe favorable da dirección do Mupega.

2. Así mesmo, a cesión de bens rexistrados para as exposicións, as mostras ou outras actividades, requirirán da autorización da Secretaría Xeral Técnica da consellería competente en materia de educación, por solicitude da dirección do instituto, previo informe favorable da dirección do Mupega.

3. Sen prexuízo do disposto neste precepto, resulta de aplicación ás doazóns e cesións dos bens rexistrados á normativa reguladora do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 26. Admisión de depósitos, comodatos, doazóns e legados

A consellería competente en materia de educación poderá aceptar depósitos, doazóns ou legados de bens mobles históricos con destino aos institutos históricos, cando a persoa depositante ou doante houbera sinalado expresamente o seu desti-

no, logo do informe favorable da dirección do Mupega, de conformidade coa normativa reguladora do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Estes depósitos, doazóns e legados serán rexistrados e engadidos aos inventarios mencionados no artigo 21.

Disposición adicional primeira. *Centros históricos educativos*

Poderán optar ao recoñecemento como centro histórico educativo, cos mesmos dereitos e compromisos derivados do recoñecemento como instituto histórico, outros centros públicos adscritos, independentemente do nivel ou niveis educativos impartidos, á consellería competente en materia de educación que cumpran os requisitos recollidos no artigo 4.

Disposición adicional segunda. *Centros integrados na denominada "Rede Mupega" e modificación da súa denominación*

Aqueles institutos que no momento da publicación deste decreto xa estean incluídos na denominada "Rede Mupega" enumerados na exposición de motivos, adquirirán de xeito automático o recoñecemento de instituto histórico de Galicia e seralles de aplicación o presente decreto.

No prazo de dous anos desde a entrada en vigor do presente decreto deberán remitir o correspondente inventario ao que se refire o artigo 6 ao Mupega.

A Rede Mupega pasará a designarse a partir da entrada en vigor do presente decreto Rede de Institutos Históricos de Galicia.

Disposición adicional terceira. *Centros resultantes da disgregación por sexos dos institutos históricos*

Poderán optar ao recoñecemento como instituto histórico de Galicia aqueles centros, masculinos ou femininos, resultantes da disgregación por sexos dos institutos históricos orixinais, sempre e cando se cumpran os requisitos establecidos no artigo 4.

Para os efectos do establecido no apartado c) do dito artigo atenderase á data de creación do instituto histórico orixinario.

Disposición adicional cuarta. *Patrimonio nos centros educativos que non teñan a consideración de instituto histórico*

As consideracións establecidas neste decreto para a conservación e protección dos bens integrantes do patrimonio serán aplicables aos bens que se atopen nos centros educativos que non teñan a consideración de instituto histórico de acordo coas instrucións que emitan as unidades competentes.

Disposición adicional quinta. *Actualización de modelos normalizados*

Os modelos normalizados aplicables na tramitación do procedemento regulado na presente disposición poderán ser modificados co obxecto de mantelos actualizados e adaptados á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación destes modelos adaptados ou actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas.

Disposición adicional sexta. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola consellería competente en materia de educación - Xunta de Galicia - coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Quedan derogadas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto no presente decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase a persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
Secretaría Xeral Técnica
Edificio Administrativo San Caetano, nº 2, baixo
15781 Santiago de Compostela